



INFORME ANUAL de SEGUIMIENTO

Título: Máster universitario en educación, diversidad cultural e desenvolvemento comunitario

Curso Académico: 2012-13

1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Master universitario de investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	Expediente nº 1570/2009
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais
Universidade solicitante	Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social. Facultade de Ciencias da Educación.
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Ciencias da Educación.
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	Non procede.
Responsable do título	Coordinador: María Belén Caballo Villar
Correo electrónico do responsable do título	belen.caballo@usc.es
Curso de implantación do título	2010-2011
Data última acreditación	Sesión Comisión de verificación de 29-07-2009 Resolución de 31 de agosto 2009 del Ministerio de Educación

2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIÓN,...
Descrición do título	Denominación	<p>Enlace á memoria:</p> <p>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_09_10/P3091_EDUCACION_DIV_CULTURAL_DC.pdf</p> <p>Enlace á web propia</p> <p>http://www.usc.es/gl/departamentos/teheps/index.html</p>
	Rama de coñecemento	
	Universidade solicitante	
	Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto	
	Centro/s onde se imparte o título	
	No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	
	Tipo de ensinanza	
	Rexime de estudo	
	Periodicidade da oferta	
	Número de plazas de novo ingreso ofertadas	
	Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e periodo lectivo	<p>Enlace á convocatoria de matrícula:</p> <p>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html</p>
	Normas de permanencia	<p>Enlace ás Normas de permanencia da USC:</p> <p>RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2011 pola que se acorda a publicación da normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster, aprobada no Consello Social do 5 de xuño de 2012.</p>
	Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título	<p>Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título:</p> <p>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=normativa&submenu=norma</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	Responsable do título Coordinador do título Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia Data publicación BOE Data última acreditación	<p data-bbox="1397 336 1865 357">s&accion=listado&noticias=no&entrada=56</p> <p data-bbox="1397 392 2152 496">Enlace ao máster: https://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13089&estudio=13090&codEstudio=12684&valor=9&orde=true&ano=61</p>
	Memoria vixente do título	<p data-bbox="1397 695 2141 804">Enlace á memoria: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_09_10/P3091_EDUCACION_DIV_CULTURAL_DC.pdf</p>
	Informe final de avaliación previo á verificación	<p data-bbox="1397 841 2029 906">Enlace aos informes da ACSUG: http://www.acsug.es/webs/informesfinales.php</p>
	Xustificación	Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional Referentes externos á Universidade Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	<p>Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade</p> <p>Política de calidade</p> <p>Obxectivos de calidade</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf</p>
<p>Competencias Obxectivos</p>	<p>Obxectivos do título</p> <p>Competencias xerais que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título</p> <p>Competencias específicas que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título</p>	<p>Enlace á memoria: http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC Enlace ao máster: https://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13089&estudio=13090&codEstudio=12684&valor=9&orde=true&ano=61 Enlace á web propia: : http://www.usc.es/gl/departamentos/teheps/index.html</p>
	<p>Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf</p>
<p>Acceso e admisión de estudantes</p>	<p>Demanda</p> <p>Matrícula</p>	<p>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html</p>
	<p>Información previa á matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión)</p> <p>Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso</p> <p>Condicións ou probas de acceso especiais, se existen</p> <p>Información sobre o apoio e orientación aos estudantes</p>	<p>Enlace á páxina de admisión do SXA: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matrícula/masteroficial.html</p> <p>Enlace a Vicerreitoría de Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html Enlace á memoria:</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
		Enlace á web propia: http://www.usc.es/gl/departamentos/teheps/index.html
	Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos	Enlace á páxina web onde aparece a normativa de transferencia de créditos da USC: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/norm_a_transferrecreditostituEEES.pdf http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/2011_04_15_RR_reconecemento_grao_master.pdf
	Información sobre o curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe	Non procede
	Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso	Non procede
	Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes	Enlace á páxina de admisión do SXA: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html
	Procedemento documentado para a orientación aos estudantes	Enlace á memoria: http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC
	Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	
Planificación das ensinanzas	Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo Distribución temporal Horarios	Enlace ao máster; se hai varias edicións, indicar cales e pór todos os vínculos: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13089&estudio=13090&codEstudio=12684&valor=9

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	<p>Mecanismos de coordinación docente</p> <p>Infraestructuras</p> <p>Guías docentes/Programación docente</p> <p>Sistema de avaliación</p> <p>Traballo fin de grao/máster (Comisión, convocatorias, etc.)</p>	<p>Enlace á memoria:</p> <p>http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC</p> <p>Enlace á web propia:</p> <p>http://www.usc.es/gl/departamentos/teheps/index.html</p>
	<p>Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza</p> <p>Procedemento documentado para a revisión e mellora do título</p> <p>Procedemento documentado da oferta formativa</p>	<p>Enlace ao SGIC do centro:</p> <p>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf</p>
	<p>Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do título</p>	<p>Enlace á normativa sobre estudos de posgrao:</p> <p>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/rgles_tudosoficiaisposgrao.pdf (Regulamento dos estudos de posgrao)</p> <p>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/rrdes_reguestudosposgrao.pdf (R.R. do 2/4/2007 que desenvolve o regulamento de estudos oficiais de posgrao)</p> <p>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf</p>
	<p>Criterios de suspensión do título</p>	<p>Enlace ao SGIC do centro:</p> <p>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	Desenvolvemento da ensinanza	Enlace á memoria: http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC
	Procedemento documentado para a suspensión do título Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e suxestións Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais	Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=titulos
	Perfil de ingreso recomendado Perfil de egreso	Enlace á memoria: http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC
	Normativa académica do curso	Enlace á convocatoria de matrícula de 2012-13: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html
	Baremo empregado no proceso de admisión Calendario de pre-inscrición Listados de admitidos/excluídos (provisional, definitivo)	Enlace á páxina de admisión do SXA: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html
	Información sobre o seguro escolar	Enlace á páxina web da USC: http://www.usc.es/es/servizos/oiu/sequero_escolar.html
	Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do estudante	Enlace á OIU: http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	Información sobre o servizo de apoio ao emprego	Enlace á páxina web da USC: http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/
	Información sobre cursos a estudantes	Enlace á OIU http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/
	Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado	Enlace á vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua: http://www.usc.es/gl/goberno/vrestudantes/
	Información sobre a mobilidade	Enlace á ORE: http://www.usc.es/gl/servizos/ore/
	Información sobre as prácticas externas, se as houberse Información sobre o plan de acción tutorial	Enlace á memoria: http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC
	Normativa académica	Enlace ás normas de Xestión Académica: http://www.usc.es/gl/normativa/xestionacademica/index.html Enlace á convocatoria de matrícula 2012-13: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	<p>Procedemento documentado dos perfís de ingreso/egreso e captación de estudantes</p> <p>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes</p> <p>Procedemento documentado de orientación aos estudantes</p>	<p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf</p> <p>Enlace ao Departamento http://www.usc.es/gl/departamentos/teheps/index.html</p>
	<p>Procedemento documentado de mobilidade dos estudantes</p> <p>Procedemento documentado de prácticas externas, se as houberse</p> <p>Procedemento documentado de orientación profesional</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html</p>
<p>Recursos humanos</p>	<p>Descrición do profesorado</p> <p>Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos</p>	<p>Enlace á memoria: http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC</p>
	<p>Procedemento documentado da política do PDI e PAS</p> <p>Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación)</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Enlace a Vicerreitoría de Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html</p> <p>Enlace á memoria: http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC</p> <p>Enlace ao Servizo de PDI: http://www1.usc.es/webvprof/inicio.asp</p> <p>Enlace ao Servizo de Xestión de Persoal:</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
		<p data-bbox="1547 352 2002 373">http://www1.usc.es/persoal/welcome.htm</p> <p data-bbox="1630 421 1912 442">Enlace ao SGIC do centro:</p> <p data-bbox="1400 446 2152 496">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf</p>
<p data-bbox="163 892 416 940">Recursos materiais e servizos</p>	<p data-bbox="495 592 698 612">Aulas e seminarios</p> <p data-bbox="495 644 810 665">Espazo do persoal académico</p> <p data-bbox="495 697 629 718">Laboratorios</p> <p data-bbox="495 750 719 770">Salas de informatica</p> <p data-bbox="495 802 667 823">Salas de estudo</p> <p data-bbox="495 855 873 876">Outros espazos para os estudantes</p> <p data-bbox="495 908 600 928">Biblioteca</p> <p data-bbox="495 960 714 981">Servizos dispoñibles</p> <p data-bbox="495 1013 996 1034">Espazos para os representantes de estudantes</p> <p data-bbox="495 1066 728 1086">Outros equipamentos</p>	<p data-bbox="1671 671 1874 692">Enlace á memoria:</p> <p data-bbox="1411 697 2148 718">http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC</p> <p data-bbox="1606 750 1939 770">Enlace á páxina web do centro:</p> <p data-bbox="1471 775 2076 796">https://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/index.html</p> <p data-bbox="1594 828 1955 849">Enlace a Vicerreitoría de Calidade</p> <p data-bbox="1447 880 2103 901">http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html</p>
	<p data-bbox="495 1142 1169 1163">Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais</p> <p data-bbox="495 1195 1113 1216">Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos</p> <p data-bbox="495 1248 1361 1268">Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p data-bbox="1630 1142 1912 1163">Enlace ao SGIC do centro:</p> <p data-bbox="1400 1168 2152 1217">http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf</p>

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
Resultados previstos	Taxa de rendemento Taxa de abandono Taxa de eficiencia Taxa de graduación Outras taxas que o título fai públicas (SGIC) Taxas de inserción laboral	Enlace a Vicerreitoría de Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html
	Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe Procedemento documentado para o control de resultados académicos Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos Procedemento documentado de información pública Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)	Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf Enlace a Vicerreitoría de Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html
Sistema de garantía da calidade	Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do título	Enlace ao SGIC do centro http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf Enlace a Vicerreitoría de Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html

CRITERIO	INFORMACIÓN PÚBLICA	WEB, ENLACES, APLICACIONES,...
	<p>De ser o caso, planificación estratéxica</p> <p>Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado</p> <p>Procedementos documentados para garantir a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade</p> <p>Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida</p> <p>Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.)</p> <p>Procedemento documentado para o análise e atención ás suxestións ou reclamacións</p> <p>Procedemento documentado de suspensión/extinción do título Manual do SGIC</p> <p>Informe final de certificación do SGIC</p> <p>Listado de documentos en vigor do SGIC</p> <p>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro)</p>	<p>Enlace ao SGIC do centro: http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/SGIC.pdf</p> <p>Enlace a Vicerreitoría de Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html</p> <p>Enlace á Oficina de Análise de Reclamacións (OAR): http://www.usc.es/gl/servizos/oar/</p>
<p>Calendario de implantación</p>	<p>Cronograma de implantación do título</p> <p>Información sobre a adaptación, no seu caso, dos estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos</p> <p>Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto</p>	<p>Enlace a Vicerreitoría de Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html</p>

3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS.

Descrición do título							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>O Máster Universitario de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario obtivo autorización da Xunta de Galicia para ser implantado en decembro de 2009 (434/2009 do 3 de decembro; DOG 15/12/2009). Foi publicado no BOE o 24/08/2010 e acadou a última acreditación o 29/07/2009.</p> <p>Iniciando o quinto curso da súa implantación, a Comisión Académica continúa valorando como satisfactoria a denominación do título xa que segue a responder plenamente ás consideracións establecidas no seu momento, tanto para a súa implantación como para o seu desenvolvemento. Isto é así, en relación coa súa orientación investigadora, que ten por obxectivo principal a formación para a investigación, facilitando o acceso ao programa de doutoramento. Asemade, as circunstancias actuais –caracterizadas por unha profunda crise socioeconómica- fan da educación un dos factores fundamentais do desenvolvemento económico, social, político, cultural..., o que implica a necesidade de profundar no coñecemento dos mecanismos que permiten acceder a maiores niveis de calidade educativa, non só nas dinámicas e iniciativas desenvolvidas no ensino regrado, senón tamén nos procesos educativos non regrados, moi relacionados coa educación ao longo da vida, que é unha das liñas fundamentais do programa.</p> <p>Neste sentido, e ao noso entender, o título recolle ademais dúas ideas centrais, tanto na sociedade en xeral, como na educación en particular: a diversidade cultural, cada vez máis patente nun mundo globalizado, e o desenvolvemento comunitario, dende a perspectiva da cultura da sustentabilidade.</p> <p>É dicir, co título trátase de por de manifesto a necesidade de formar especialistas en investigación en temas altamente relevantes para a sociedade, relacionando tres ámbitos esenciais: a educación, a diversidade cultural e o desenvolvemento comunitario. Isto comporta tratar de profundar na investigación educativa para mellorar os procesos educativos que tenden á mellora da sociedade, no seu conxunto e de xeito especial no que atinxe ao seu desenvolvemento sostible (económico, social, político, cultural, educativo...) e, ao mesmo tempo, establecer os mecanismos para a cooperación entre culturas e nacións, sobre todo, como xa comentamos, no mundo globalizado no que nos toca vivir.</p> <p>En definitiva, entendemos que o título debe manterse tal e como foi xustificado e matizado no seu momento na Memoria que se presentou para a súa verificación, por responder non só aos obxectivos e ás expectativas que se tiñan hai catro anos senón tamén á realidade actual, que confirma a liña de traballo deseñada e trazada naquel momento, xa que cómpre destacar a influencia da educación no desenvolvemento da sociedade, e fundamentalmente, na boa gobernanza das comunidades.</p> <p>Neste sentido, entendemos que non é necesario facer propostas de mellora nin modificacións no exposto na devandita Memoria, aínda que para futuras edicións pretendemos redimensionar a perspectiva investigadora: nun escenario no que o acceso ao doutoramento resulta cada vez máis esixente e no que a política de bolsas se fai máis restrictiva, a Comisión Académica do Máster entende que se fai necesario abordar a formación de investigadores en educación non só desde a perspectiva do doutoramento, senón tamén de dotar de ferramentas metodolóxicas que permitan potenciar</p>							

a investigación nos escenarios laborais dos nosos egresados e egresadas. Neste sentido, e sen cambiar os contidos da memoria, trataremos de dar un enfoque máis amplo a este aspecto para facer máis atractivo, se cabe, o máster.

O máster contempla un 60% de ensino presencial, un 10% telemático, outro 10% a distancia e un 20% semipresencial, materias estas últimas nas que, tras unha sesión na Facultade na que se dan pautas para o seu desenvolvemento, utilizan a aula virtual como ferramenta básica que vehiculiza os procesos de ensino-aprendizaxe. Faise tamén especial fincapé en que o alumnado faga uso das titorías presenciais de seguimento, que non teñen carácter obrigatorio.

O número de prazas ofertadas é de 25, das que 16 son para estudantes de nacionalidade española e 9 para alumnado de outros países. Contémplase a posibilidade de que catro das prazas ofertadas sexan para realizar estudos a tempo parcial, modalidade que no curso 2012-2013 só foi solitada por unha alumna.

No curso académico obxecto de seguimento, a matrícula foi de 18 alumnos: 17 nacionais e 1 estranxeiro. No apartado sobre “resultados previstos” deste mesmo informe ofrécese datos relativos ás taxas de graduación, eficiencia e abandono.

En clave retrospectiva, e segundo os datos recollidos pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade da USC, o histórico de matrícula do máster evidencia unha media que, aínda con oscilacións, se sitúa en torno aos 20 alumnos de novo ingreso por curso académico (23 no curso 2010/2011; 17 no 2011/2012 e os 19 referidos no curso 2012/2013).

A docencia impártese fundamentalmente en galego (por ser galego falante a maioría do profesorado) e en castelán. Ben é certo que o departamento mostra unha grande sensibilidade cara os alumnos foraneos da nosa comunidade e facilítalles documentación escrita e explicacións na lingua que sexa precisa para acadar unha comunicación óptima. De feito, a alumna de orixe chinés que cursou o máster na edición que agora se somete a avaliación, non tivo maiores dificultades idiomáticas para adquirir as competencias.

BOAS PRÁCTICAS:

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Xustificación							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>A valoración que a Comisión Académica fai da política e dos obxectivos de calidade da formación é "satisfactoria", por entender que nos anos que leva impartíndose o Máster estase a cumprir tal e como se formularon na Memoria.</p> <p>A) Así, para a toma de decisións, desde o principio decidiuse no Consello do Departamento solicitar ao grupo de Doutores do mesmo que se encargara de elaborar a proposta de Máster, polo que o propio Consello de Departamento converteuse na Comisión Académica do Máster, só substituindo os representantes dos alumnos no Consello polos representantes do alumnado do Máster. Ademais, para as decisións urxentes ou de trámite delegouse na Comisión Permanente do Departamento.</p> <p>B) Na Comisión Académica poden participar todos os profesores que imparten docencia no Máster, por ser todos eles membros do Departamento, non habendo ningún externo, a non ser que sexa convidado. Así mesmo, participan os representantes do alumnado do Máster, aínda que neste caso, a súa participación, podemos dicir que é reducida e esporádica, fundamentalmente polo procedemento da súa elección: non se renovan todos os anos e cando son elixidos a maioría das veces toman posesión e non volven aparecer. Trátase de suplir este déficit a través de reunións periódicas entre profesorado e alumnado; tamén coa posta en marcha dunha pequena comisión paritaria alumnado-profesorado que permita manter unha relación máis áxil e facer un seguimento continuado do máster. No anexo achégase o documento aprobado pola Comisión Académica do Máster no que se recollen as funcións desta comisión que comezamos a activar no curso académico 2013-2014. Doutra banda, siguen participando como informantes e facendo propostas o alumnado dos cursos anteriores que se incorporaron ao doutoramento e están no período de elaboración da súa tese.</p> <p>Ademais, o Departamento e os seus grupos de investigación manteñen estreitas relacións, como xa se expoñía na Memoria, con investigadores e especialistas do campo temático de estudo; feito que se constata polos distintos profesores convidados que dende o antigo programa de doutoramento con mención de calidade -do que provén o Máster- ata a actualidade veñen participando. Tamén se han de engadir os diferentes másteres propios, Cursos de especialización e cursos de verán organizados polo profesorado do Departamento, xa que todos eles atopáanse moi ligados á temática do Master.</p> <p>C) Como xa se expuxo, a toma de decisións lévase a termo na Comisión Académica ou na súa Comisión Permanente, neste último caso a decisión debe ser confirmada polo pleno. Corresponde ao coordinador implementalas, coa colaboración da dirección e administración do Departamento e da administración do Centro que está asignada aos másteres.</p> <p>D) A información é recollida de diferentes formas e en distintos momentos. Nas reunións dos profesores cando se planifican as diversas materias e seminarios. Do alumnado, que nestes caso ten catro vías: a primeira cando fai chegar ao profesorado, en xeral, ou a coordinador, en particular as súas demandas, necesidades, problemas, suxestións ou expectativas. A segunda, a través das reunións periódicas que se celebran con eles; a terceira, cando participan na Comisión Académica, a cuarta a través das enquisas que fai todos os anos o Vicerreitorado de Responsabilidade Social e Calidade para coñecer a opinión dos estudantes das diferentes titulacións. Estas catro vías que veñen funcionando con normalidade foron completadas o pasado ano coa aplicación dunha</p>							

enquisa específica de valoración do máster, que nos ten dado información valiosa de cara á súa mellora (ver anexo). O resto da información obténse a través dos contactos que o profesorado ten cos exalumnos, basicamente cos que están a facer a tese, algúns deles bolseiros de investigación dos diferentes programas, así como coas asociacións científicas e profesionais, e cos grupos de investigación cos que se manteñen relacións de traballo e colaboración.

- E) Todas as decisión aprobadas pola Comisión Académica para a mellora son aplicadas e levadas a efecto polas persoas que corresponda, polo coordinador do master ou polo Departamento. Tamén son remitidas ao Decano do centro para que se poñan en práctica no ámbito das súas competencias (horarios e espazos), e mesmo a Universidade, no que respecta á matrícula ou á modificación do Plan de Organización Docente.

En definitiva, das accións de mellora propostas na memoria de seguimento do título para o curso 2012, temos avanzado na cuestión da mellora do establecemento de canles de comunicación co alumnado: como o Reitorado non ten convocado eleccións que nos permiten renovar a representación de estudantes na Comisión Académica do Máster, temos creado unha comisión interna paritaria (á que aludiamos con anterioridade) para constituir un foro estable de encontro e comunicación que facilite o seguimento do máster así como a posta en marcha de iniciativas complementarias coa implicación do alumnado.

A segunda liña de mellora ten que ver coa aplicación dun cuestionario específico de avaliación interna do noso máster que complementa a información que nos facilita o vicerreitorado. Esta iniciativa posibilitou a identificación de puntos fortes e débiles e tennos axudado a poñer en marcha accións de mellora relacionadas, por exemplo, cunha reorganización horaria, co impulso da materia TFG ou coa activación de medidas que facilitan incrementar o grao de coordinación do profesorado.

Os resultados obtidos nestas avaliacións, así como o mantemento da matrícula en tempos economicamente tan complexos como os actuais, fannos concluir que o título sigue tendo interese, respondendo ás demandas dun sector de alumnado con intereses específicos en temas de investigación educativa.

BOAS PRÁCTICAS:

PROPOSTAS DE MELLORA:

Activación da comisión paritaria profesorado-alumnado do máste, xa creada, que permita axilizar a comunicación entre as partes implicadas e poñer en marcha iniciativas que redunden nunha mellora da formación.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Competencias/Obxectivos							
<i>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>Pola experiencia destes anos, a Comisión académica entende que a relación entre os obxectivos e as competencias é satisfactoria, pois así se constata nos resultados obtidos. Quizáis habería que facer unha excepción, no que atinxe ao traballo Fin de Máster, xa que o número de informes concluídos e defendidos é inferior ao que se establecía na Memoria. Isto entendemos que obedece a que a normativa estipulou que os estudos duraran só un ano académico. É de destacar que dende a Comisión de doutores que elaboraron a memoria, propúñase unha titulación de dous anos a semellanza do antigo curso de doutoramento, un primeiro ano de docencia e un segundo para a realización do traballo Fin de Máster, como equivalente ao Traballo de Investigación Tutelado. A proposta foi desestimada ao considerarse que o alumnado acadaría nun ano os obxectivos e as competencias establecidos para todos os módulos do programa de estudos.</p> <p>Dado que neste aspecto continuamos tendo un punto feble -e no informe final de seguimento do pasado ano se nos indicaba que a proposta de prolongar a temporalización do plano de estudos a dúas anualidades era escasamente viable- traballouse en diferentes liñas para intentar acadar unha maior taxa de éxito neste ítem. Cómpre destacar a calendarización dunha sesión de traballo a inicios do mes de outubro para presentar a materia Traballo Fin de Máster, dar a coñecer as liñas de investigación do departamento e axilizar a asignación de títolos de xeito que, desde mediados de outubro, o alumnado ten asignado o seu titor ou titora e está en condicións de iniciar o seu labor, multiplicando as posibilidades de depositar e defender o seu TFM nas convocatorias de xuño ou setembro.</p> <p>Dunha maneira máis concreta, no que respecta aos obxectivos débese consignar o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> Os primeiros responsables de comprobar se os alumnos acadaron os coñecementos requeridos, aptitudes e destrezas son os profesores e profesoras encargados da docencia das diferentes materias e seminarios ou, no caso do Traballo Fin de Máster, o tribunal encargado de xulgarlo, previa aprobación polo titor do mesmo. Os interesados, neste caso basicamente o alumnado, teñen, como se establece nos distintos programas das materias, a posibilidade de analizar co profesor ou o conxunto de profesores a nota e o nivel de logro dos obxectivos acadados, é dicir; o grao de coñecementos, aptitudes, destrezas e competencias obtidos na materia. A Comisión Académica entende que deben seguir manténdose os mesmos obxectivos e competencias, agrupándoos para unha mellor comprensión. A este respecto, tense avanzado de forma significativa no curso académico obxecto de avaliación, propiciándose un traballo coordinado dos equipos docentes de cada materia para reestruturar as competencias das mesmas. A información para a revisión orientada á mellora da política e os procedementos de admisión recóllese e analízase a partir da avaliación realizada polo profesorado mediante as probas que efectua para controlar o logro dos obxectivos por parte do alumnado. Tamén se utilizan como fonte informativa os veredictos dos tribunais que se constituén para xulgar os Traballos Fin de Máster. En canto á implementación de melloras enténdese que, non procede a modificación das competencias nin dos obxectivos. En todo caso, de modificarse algún extremo, referiríase aos procedementos para obter a información, optimizar a docencia ou mellorar as condicións materiais nas que esta se desenvolve. 							

BOAS PRÁCTICAS:	
PROPOSTAS DE MELLORA: Continuar desenvolvendo accións que permitan incrementar a taxa de Traballos Fin de Máster defendidos nas convocatorias de xuño e setembro.	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Acceso e admisión de estudantes							
Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Se ben a selección dos candidatos corresponde ao Departamento, realmente non está a participar nela de maneira efectiva, fundamentalmente debido a que dende o goberno da USC suxeríuse que de non se cubriren todas as prazas ofertadas (25) admitíranse todos os alumnos que o solicitaran e cumpriran co requisito de estar en posesión dalgunha das titulacións esixidas para acceder ao Máster.</p> <p>Polo tanto, aínda que se establecen uns criterios específicos, estes só se aplicarían no suposto de que a demanda fose superior á oferta. Por este motivo, tampouco no curso pasado o departamento ou a Comisión Académica participou na selección e admisión do alumnado, e o órgano responsable neste caso veu sendo a Unidade de Xestión Académica.</p> <p>De todos xeitos, cómpre sinalar que os problemas sinalados nas memorias de seguimento de cursos pasados en relacións ao desaxuste para un perfil investigador fóronse corrixindo parcialmente no curso académico onxecto de seguimento pola extinción das diplomaturas de Educación Social e Maxisterio (perfil maioritario do noso alumnado de máster) e a incorporación dos novos graduados, cunha formación máis dilatada e que lles facilita, tras cursar o máster, o acceso ao doutoramento.</p> <p>No escenario actual, e tras os acordos adoptados entre a Xunta de Galicia e os Vicerreitores de Titulacións das tres Universidades, na Facultade de Educación da USC –previsiblemente- só se ofertarán tres máster: o de Formación de Profesorado de Secundaria, o de Procesos de Formación e o de Investigación en Educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario, contando os dous primeiros cun perfil moi alonxado do terceiro, o que entendemos nos sitúa nunha posición privilexiada –a pesar do adverso contexto económico- para captar alumnado e poder realizar un proceso de selección rigoroso.</p> <p>Captar máis alumnado, de xeito que a Comisión Académica poida realizar un proceso de selección máis rigoroso, é un dos obxectivos claros para o vindeiro curso académico.</p> <p>Por último, vimos comprobando que a demanda de estudos de máster a tempo parcial segue sendo una opción moi minoritaria pois no curso académico 2012-2103 tan só se cubriu unha praza das catro ofrecidas para esta modalidade.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
<p>No presente curso académico 2013-2014 a USC ofreceu a posibilidade de reservar algunhas prazas de máster para a matrícula de setembro. Entendemos que, no noso caso particular, pode ser unha medida interesante que facilite o acceso de estudantes con bo expediente académico e que, por diferentes razóns, opten por defender o seu TFM na convocatoria de setembro.</p> <p>Mellorar os procesos de difusión do máster para captar máis alumnado e poder realizar unha selección.</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da enseñanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
----------------------	----------	-------------------	----------	---------------------	----------	---	----------

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

En xeral a Comisión Académica entende que a planificación das ensinanzas é satisfactoria, aínda que poderían facerse diversas matizacións en función das directrices que se analizan neste apartado, xa que o grao de satisfacción é maior nas directrices de "planificación das ensinanzas" e "garantía de calidade dos programas formativos" e, pola contra algo máis baixa nalgúns aspectos da directriz "xestión do proceso de enseñanza-aprendizaxe", precisamente naqueles que non se controlan desde a propia Comisión Académica ou o Departamento.

No que fai referencia á directriz de "planificación das ensinanzas" cómpre dicir que se está a cumprir co establecido na Memoria do Máster, producíndose unha grande coherencia entre os obxectivos do programa e a programación xeral e cos programas dos diferentes módulos e materias. Este aspecto aparece reflectido todos os anos na publicación dun documento, en formato libro (desde este curso académico, en soporte electrónico), no cal se recolle a información xeral do Máster e os programas das materias, agrupados por módulos. Neles detállanse entre outros extremos os contidos, a bibliografía e o tipo de avaliación.

De maneira máis concreta consideramos oportuno precisar o seguinte:

- a) O órgano que aproba en primeira instancia os programas das materias é o Consello de Departamento por ser o responsable, como xa apuntamos, de toda a docencia do Máster. A continuación a Facultade de Ciencias da Educación, por ser o centro ao que está adscrita a titulación. Neste sentido, a planificación da docencia corresponde ao Departamento e os horarios e espazos á Facultade.
- b) Os diferentes grupos de interese participan en diversos momentos e instancias. Nunha primeira fase, os profesores das materias, que elaboran o programa en función dos obxectivos e das competencias e dos descritores establecidos na Memoria. No caso de ser varios os docentes que imparten unha materia ou seminario coordínanse para elaborar un programa común; e todos os que integran o mesmo módulo coordínanse para tratar de acadar en conxunto os obxectivos, competencias e contidos programados para ese módulo. Por iso téntase que, ademais, en cada materia haxa unha sesión conxunta con todo o profesorado que a imparte que garanta esa coordinación. A continuación corresponde ao Consello do Departamento aprobar ditos programas. O alumnado pode participar a través dos seus representantes na Comisión Académica, así como durante as clases –nos tempos de coloquio-, conforme se vai desenvolvendo o programa.
- c) O deseño, a aprobación e implementación da planificación do ensino son as que se estableceron na Memoria. Na súa redacción participaron, como xa se apuntou, todo o profesorado doutor que viña impartindo docencia no programa de doutoramento con mención de calidade que era competencia exclusiva do Departamento. A partir de entón fóronse incorporando na toma de decisións os novos profesores que se adscribiron ao Departamento.
- d) A recollida da información realízase, fundamentalmente, a través das diferentes probas e procesos de interacción que o profesorado promove e coordena ao longo da súa práctica docente, así como por medio das suxestións que o propio alumnado e profesorado invitado fan chegar á Coordinadora do Máster. Tamén se teñen en conta os resultados das enquisas aplicadas ao alumnado, tanto por parte da Universidade, de maneira xeral, coma por parte dos propios profesores nas materias das que se responsabilizan. Tamén neste pasado curso académico, a enquisa de avaliación deseñada ad hoc polo propio departamento.
- e) As melloras que se producen, vanse vendo reflectidas nos programas das materias, tanto no que fai referencia á metodoloxía de ensino como en canto ós contidos e á avaliación. Neste sentido, o responsable é o corpo

docente de cada materia ou seminario, aínda que tamén intervén o Consello do Departamento ao revisar e aprobar cada curso os diferentes programas.

En relación á planificación docente, a Comisión Académica do Máster quere propoñer de cará á súa mellora para o vindeiro curso académico a modificación dalgunhas materias optativas cuxa temática, na actualidade, non ocupa as liñas centrais de investigación do noso departamento. Analizarase detidamente durante o curso 2013-2014 a conveniencia de substituílas por outras con encaixe na temática do máster e en relación ás que hai proxectos de investigación competitiva en curso.

Outro aspecto referido á planificación das ensinanzas nos que se están a introducir melloras teñen que ver coa organización dos tempos de ensino-aprendizaxe. A raíz dos cuestionarios específicos de avaliación aplicados aos que aludimos con anterioridade, a Comisión Académica ten acordado introducir modificacións significativas no horario, aspectos que se están poñendo en marcha neste curso académico 2013-2014 e que se refiren a acotar as sesións lectivas a catro horas en horario de tarde, incorporando un descanso de trinta minutos, así como situar dous días libres entre cada seminario para que o alumnado poida dispoñer dun tempo para reorganizar os materias, asimilar parte do contido abordado e esquematizar o traballo encomendado.

No caso da directiva de “garantía de calidade dos programas formativos” debemos remitirnos ao establecido na Memoria e ao desenvolvemento da normativa da USC. Con respecto a este tema, así como ao nomeamento da Comisión correspondente do Sistema de Garantía Interna do Centro (SGIC), esta Comisión é a responsable de tomar as medidas oportunas para garantir a mellora da titulación, elaborando os criterios que deben aplicarse nos programas ascritos ao centro, tal e como aparece na páxina Web correspondente e na propia Memoria do Máster.

Con respecto á “supresión ou extinción do programa formativo”, a Comisión Académica remítese, neste caso concreto, ao establecido na Memoria e á normativa da USC. De calquera maneira, no apartado 9.5.3 da Memoria do Máster recóllense os criterios específicos no suposto de extinguirse o título.

Finalmente, é na xestión do proceso de ensino-aprendizaxe onde se poderían mellorar algúns aspectos ou aplicar os criterios específicos establecidos na Memoria e que, por diversas causas, que xa apuntabamos cando valoramos o acceso e a admisión de estudantes, non se levaron a termo.

Como quedou consignado, os órganos responsables da xestión do proceso de ensino aprendizaxe son a Comisión Académica e o profesorado que desenvolven as materias, aínda que tamén intervén o centro a través da SGIC e mesmo o equipo de goberno da USC, elaborando a normativa propia a través dos servizos administrativos.

Tal e como consta na Memoria, correspóndelle ao Departamento establecer os perfís de ingreso e os criterios xerais para a superación do curso, sendo os profesores das materias os que fixan os requirimentos específicos para cada seminario.

Pero a admisión e matrícula non se realiza no Departamento, senón que o fan os Servizos Administrativos, aplicando un criterio xeral, sempre e cando a demanda no sexa superior a 25 alumnos. Neste caso introduciríanse os criterios específicos establecidos na Memoria. Precisamente é neste punto onde se poderían incorporar melloras.

No que fai referencia ao “apoio e orientación aos estudantes” e á “metodoloxía do ensino e avaliación” entendemos que aparece claramente exposta na Memoria do Máster e que non difire da que aplica o profesorado que imparte docencia nas outras titulacións de carácter universitario. De todo isto dáse conta no apartado 4.3 da Memoria do Máster, cando se fai referencia ao sistema de apoio e orientación, e no apartado 5 de planificación do ensino para os demais temas.

Ao tratarse dun Máster de investigación non se fixan criterios específicos para a orientación profesional, simplemente aplícase a normativa xeral.

Para as alegacións, reclamacións e suxestións estase a aplicar o indicado no apartado 9.5.2 da Memoria onde se recollen con suficiente claridade todos aqueles aspectos que poidan servir para mellorar a titulación, en xeral, e a formación do alumnado, en particular.

Dado que os problemas de desaxuste entre os prazos de matrícula da Universidade e o inicio da docencia non dependen do Departamento, a Comisión Académica do Máster decidiu iniciar este ano un importante traballo de deseño de

<p>actividades formativas e avaliativas alternativas para aqueles alumnos que, por razóns relativas aos prazos de matrícula, se incorporan cando algún dos seminarios xa ten finalizado a súa docencia.</p> <p>Polo demais estamos convencidos de que a experiencia e os anos irán matizando e axudando a correxir e solventar os problemas que se van suscitando, fundamentalmente en canto a validacións de estudos e materias.</p> <p>O resto dos apartados susceptibles de análise, como son os relativos á participación dos grupos, a recollida da información, a defición e a implementación das melloras, non son diferentes aos establecidos na memoria do master e ós que vimos apuntando nas anteriores fichas.</p> <p>Por último, as prácticas externas contempladas con carácter optativo nas materias "Educación Social e Políticas Culturais", "Sociedade Civil, Inmigración e Participación Social para o Desenvolvemento Comunitario" e "A Conciliación dos Tempos Educativos e Sociais" non se veñen activando, tense decidido eliminalas, conforme á suxestión feita no último Informe Final de Seguimento do Máster elaborado pola ACSUG.</p>	
BOAS PRÁCTICAS:	
PROPOSTAS DE MELLORA:	
<p>Iniciar un proceso de análise en torno á conveniencia de reaxustar algunhas materias optativas que na actualidade non se vinculan ás liñas de investigación prioritarias do departamento.</p> <p>Modificar o tempo de duración de cada sesión lectiva, introducindo algún día libre entre o peche dun seminario e o inicio do seguinte.</p>	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Recursos humanos							
<p><i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i></p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>En conxunto entendemos que a valoración deste apartado é satisfactoria. Contamos, ademais, desde o pasado curso académico cun responsable administrativo no departamento que manifesta un elevado grao de implicación nas tarefas desta indole vinculadas co máster, o que facilita considerablemente as tarefas burocráticas</p> <p>Se ben o desenvolvemento do Máster corresponde exclusivamente ao Departamento, a política de persoal, tanto docente como de administración e servizos depende do goberno da USC, polo que a Comisión Académica só pode planificar a docencia co profesorado doutor que ten adscrito, que en principio é suficiente tal e como consta na Memoria. Neste sentido, non dispón de posibilidades de contratar novo profesorado. O único que esta en condicións de facer é solicitalo en función dos criterios que establece a Comisión de Goberno da USC.</p> <p>Para finalizar, pódese engadir que o Departamento -facendo un notable esforzo porque a maior parte do seu profesorado está asumindo unha carga docente superior ás 240 horas-, ten o persoal necesario para facerse cargo da docencia do Master.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións: A valoración deste apartado considérase satisfactoria, pois durante o curso académico obxecto de seguimento tense logrado a asignación dun seminario estable para a docencia do máster; seminario equipado con mobiliario cómodo, pizarra dixital, acceso a internet, ordenador e canón de vídeo.							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Resultados previstos							
<p>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</p>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Como xa apuntabamos, os resultados previstos na Memoria Final non se cumpriron satisfactoriamente, polo que a Comisión Académica valora este apartado só de "suficiente".</p> <p>Ao entender da Comisión Académica do Máster, como órgano da maior responsabilidade docente, continuamos a ter un problema para que o alumnado finalice o Máster nun só curso académico. Boa parte deles superan todos os seminarios, pero alongan no tempo a elaboración e defensa dos Traballos Fin de Máster. No curso académico 2012-2013, nas convocatorias de xuño e setembro, defenderon os seus TFM un total de 6 alumnos, tendo previsto a defensa dun mínimo doutros tres para a convocatoria de febreiro.</p> <p>Un novo elemento a engadir ás argumentacións ofrecidas noutros apartados do Informe en relación a este tema, é que no escenario socioeconómico actual ten cada vez maior presenza o perfil de alumno que compatibiliza os seus estudos de Máster con traballos puntuais, de poucas horas ou escasa continuidade, pero que lle resta tempo de dicación ao mesmo. Este feito orixina que boa parte deles non poidan superar nun ano académico todas as materias das que se matriculan, sendo habitualmente o TFM o que se adía para convocatorias posteriores. De feito, a taxa de éxito do curso do que se está a realizar o seguimento sitúase no 46,7%, cifra que debemos mellorar. Con este propósito, tal e como indicamos, estamos facendo un esforzo importante por axilizar a asignación de titores, identificar temas de traballo e estimular as titorías para mellorar os resultados, dos que daremos conta no informe de seguimento do vindeiro ano.</p> <p>Cómpre sinalar que a taxa de éxito se cifra nun 96% e a de abandono nun 13,3%, aspectos que pensamos podemos mellorar concedéndolle unha maior atención ao proceso de elaboración dos TFM; tamén, como argumentamos previamente en anteriores apartados, incrementando a matrícula no master de xeito que poidamos seleccionar ao mellor alumnado.</p> <p>Todas estas informacións, que se obteñen das diferentes avaliacións foron, son e seguiran sendo, obxecto de análise e debate no seo da Comisión Académica e entre o profesorado que vén impartindo o Máster.</p> <p>As posibles melloras para acadar os resultados previstos son de dous tipos:</p> <ol style="list-style-type: none"> Académicas, que corresponden implementar por parte da Comisión Académica do Máster e o Departamento. Estas vincularíanse á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe e a relación do profesorado co alumnado, basicamente na orientación e seguimento dos seus traballos. Isto requeriría con toda probabilidade, unha maior implicación nos procesos interactivos co alumnado que afectaría dunha maneira particular aos titores, sempre e cando lles fose recoñecido académica e laboralmente e, así mesmo, nunha superior dedicación do alumnado ao seu traballo para recuperar, cando así cumprira, os déficits cos que ingresasen no Máster. Para iso habería que programar reunións específicas do alumnado cos seus titores de maneira continuada durante todo o curso académico. Institucionais, que xa non dependen tanto da Comisión Académica nin do Departamento. A primeira consistiría na aplicación dos criterios específicos de admisión do alumnado que aparecen recollidos na Memoria o que posibilitaría que só accedesen aqueles alumnos que tiveran un determinado perfil formativo e non só unha titulación. A segunda radicaría en facer do Máster un programa de dous anos de duración, dos cales o primeiro estaría adicado a docencia e o segundo a investigación, conducente á culminación do Traballo Fin de Máster, en canto tarefa de investigación. <p>Por ser un máster de investigación, non se orienta a formar para cubrir un nicho de emprego concreto, senón para capacitar de cara á investigación en educación. Desde a Comisión Académica do Máster estase traballando na perspectiva de iniciar un seguimento de inserción laboral do alumnado que finaliza estes estudos.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
Realizar un seguimento do grao de inserción laboral do alumnado do máster.							

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>Se ben na Memoria aparece de xeito moi detallado o Sistema de Garantía de Calidade, a valoración que se fai é só suficiente, porque enténdese que a implementación de dito sistema demorouse no tempo e unha vez posto en funcionamento resulta pouco áxil, moi burocrático e pouco eficaz.</p> <p>Neste sentido, cómpre indicar que desde o mes de maio de 2013 a Universidade de Santiago de Compostela ten aprobado un Sistema Marco (http://www.usc.es/gl/gobierno/vrcalidade/sgic-usc.html) que implica que os centros teñen que adaptar o Manual Simplificado ás súas particularidades.</p> <p>Neste momento, a Facultade de Ciencias da Educación está traballando nesta dirección, intentando definir un SGIC máis áxil e, polo tanto, útil no traballo cotiá.</p>							
BOAS PRÁCTICAS:							
PROPOSTAS DE MELLORA:							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>A valoración que fai a Comisión Académica é satisfactoria, posto que se puido por en marcha o conxunto do Máster, incidindo fundamentalmente, no programa formativo. O problema máis grave derivou do solapamento entre o período do prazo de matrícula e o inicio e desenvolvemento das actividades lectivas, orixinando graves desaxustes e disfuncionalidades que repercutiron en último termo na preparación daqueles alumnos que formalizaron tarde a súa matrícula.</p>							

BOAS PRÁCTICAS:	
PROPOSTAS DE MELLORA:	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
<p>Criterio 1: Recoller con maior accesibilidade o tipo de ensinanzas, o réxime de estudo, as prazas de novo ingreso ofertadas e os idiomas nos que se impartirá o máster. Tamén debe indicarse a data de autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia e a de publicación no BOE. Por último, debe recollerse un enlace accesible á Memoria, xa que o ofrecido non é válido e redirixe de novo á web do título.</p> <p>Criterio 4: Recoller de forma máis clara e accesible a información sobre a acollida, orientación e apoio aos estudantes.</p> <p>Criterio 5: Na memoria infórmase da existencia de prácticas externas optativas, vencelladas a tres materias de tres créditos cada unha (...), pero na web non se recolle información sobre prácticas externas, nin a descrición destas materias reflicte que o sexan. Se</p>	<p>Criterio 1: Durante este curso académico creouse unha páxina web propia do máster, á que se accede a través da do Departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social, que contén información relativa aos elementos referidos . http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13089&estudio=13090&codEstudio=12684&valor=9 O enlace a Memoria é o seguinte: Enlace á memoria: http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC <small>Mais en concreto, http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_09_10/P3091_EDUCACION_DIV_CULTURAL_DC.pdf</small></p> <p>Criterio 4: A información referida a este criterio atópase nos seguintes enlaces Enlace á páxina de admisión do SXA: http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html Enlace a Vicerreitoría de Calidade http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html Enlace á web propia: http://www.usc.es/gl/departamentos/teheps/index.html</p> <p>Criterio 5: A Comisión Académica considera pertinente eliminar a oferta destas prácticas optativas que non se teñen activado, tendo que iniciar no seu momento as accións oportunas para modificar este aspecto na Memoria do Título.</p>

en realidade non se trata de prácticas externas, recoméndase modificar este aspecto na memoria do título.

Criterio 8: Habilitar un enlace ao apartado da Vicerreitoría de Calidade, onde se ofrecen os datos das distintas taxas, posto que de non ser así resultan pouco accesibles. Recoméndase incluír datos de inserción laboral.

Criterio 8:

A Vicerreitoría de Calidade ten realizado durante os últimos meses un importante esforzo para mellorar as páxinas web que conteñen os datos refreidos ás diferentes taxas, incrementando a súa accesibilidade.

Pódense consultar no enlace

<http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datcalimaster.html>

5.- PROPOSTAS DE MELLORA.

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM1
		Tipo	Acción de mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe de Seguimento do Título
		Descrición orixe	Informe de Seguimento do Título, curso académico 2012/2013
	Definición	Análise causa	Non se cubre a totalidade de prazas ofertadas, especialmente no relativo ao alumnado estranxeiro. A Comisión Académica pretende que se incremente a demanda para activar procesos de selección máis rigorosos que redunden nunhas taxas de éxito máis elevadas.
		Definición/ descrición proposta	Mellorar a difusión do máster de cara a incrementa a súa matrícula e poder activar un proceso de selección máis exhaustivo do alumnado.
		Data prevista de finalización	Xullo 2014
		Data inicio	Febreiro 2014
	Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinadora do Máster
		Outros responsables da implantación	Comisión Académica do Máster
Tarefa1	Código	AM1-1	
	Descrición tarefa	Xuntanza da Comisión Académica do Máster para deseñar as estratexias de difusión a activar. Distribuir responsabilidades entre os membros da Comisión. Nota: A medida que se vaian concretando as reunións da Comisión Académica, iranse engadindo e detallando tarefas e subtarefas.	
	Data prevista de finalización	Xuntanza en xaneiro Traballo ao longo dos meses comprendidos entre febreiro e xullo.	

	Persoa responsable	Coordinadora do Máster
	Usuario responsable	Coordinadora do Máster
Tarefa 2	Código	AM1-2
	Descrición tarefa	Reservar algunhas prazas de matrícula para setembro, de forma que alumnado con bo expediente académico e que, por diferentes razóns, decida presentar o seu Traballo Fin de Grao na convocatoria de setembro, poida ter acceso ao máster.
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	Coordinadora do Máster
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM2
		Tipo	Acción de mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe de Seguimento do Título
		Descrición orixe	Informe de Seguimento do Título, curso académico 2012/2013
	Definición	Análise causa	Ausencia de representantes do sector do alumnado na Comisión Académica do Máster. No caso do <i>Máster Universitario de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario</i> , a Comisión Académica coincide co Consello de Departamento, e a elcección de representantes de estudantes no mesmo non se convoca desde o Reitorado coa frecuencia necesaria para cubrir as baixas.
		Definición/ descrición proposta	Activación da comisión paritaria profesorado-alumnado –xa creada- que permita manter unha comunicación fluida e a posta en marcha de iniciativas formativas coa implicación do alumnado.
		Data prevista de finalización	Setembro 2014
		Data inicio	Xaneiro 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinadora do Máster	
	Outros responsables da implantación	Comisión Académica do Máster	
Tarefa1	Código	AM2-1	
	Descrición tarefa	Activar o proceso de elección de representantes de profesorado e alumnado para a comisión paritaria xa creada. Nota: A medida que se vaian concretando as reunións da Comisión Académica, iranse engadindo e detallando tarefas e subtareas.	
	Data prevista de finalización	Convocarase o proceso a finais do mes de xaneiro, coincidindo co inicio da docencia de segundo cuadrimestre, para que a comisión poida comezar a desenvolver as súas funcións a partir do momento da súa constitución.	

	Persoa responsable	Coordinadora do Máster
	Usuario responsable	Comisión Académica do Máster
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM3
		Tipo	Acción de mellora
	Orixe	Orixe acción	Informe de Seguimento do Título
		Descrición orixe	Informe de Seguimento do Título, curso académico 2012/2013
	Definición	Análise causa	A raíz da xubilación dun dos profesores do Departamento e do falecemento dun segundo, detéctanse algunhas materias optativas que, na actualidade, non se corresponden con liñas de investigación prioritarias e vinculadas a proxectos activos.
		Definición/ descrición proposta	Modificación de materias optivas que non responden, neste momento, ás liñas prioritarias de investigación do departamento.
		Data prevista de finalización	Xullo 2014
		Data inicio	Febreiro 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinadora do Máster	
	Outros responsables da implantación	Comisión Académica do Máster	
Tarefa1	Código	AM3-1	
	Descrición tarefa	Convocar á Comisión Académica do Máster para iniciar un proceso de estudo desta proposta. Nota: A medida que se vaian concretando as reunións da Comisión Académica, iranse engadindo e detallando tarefas e subtarefas.	
	Data prevista de finalización	Xullo 2014	
	Persoa responsable	Coordinadora do Máster	
	Usuario responsable	Comisión Académica do Máster	

Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	



Anexos á Memoria de Seguimento do Máster Universitario de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario.



**MÁSTER UNIVERSITARIO DE INVESTIGACIÓN EN
EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL E
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO**

**Avaliación do alumnado da 4ª edición do Máster,
curso académico 2012/2013 (abril)**

Con deste inquérito desexamos coñecer a túa opinión acerca de distintos aspectos referidos ao "Máster universitario de investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario" para tratar de poñer en práctica medidas de mellora, en futuras edicións do mesmo. A túa colaboración, achegando información e suxestións, é imprescindible. Grazas por implicarte.

Valora nunha escala de 1 a 7 os seguintes aspectos, sabendo que 1 se corresponde cunha valoración moi negativa e 7 moi positiva. Por favor, sempre que o estimes preciso, argumenta ou matiza a túa resposta no cadro que se facilita para tal fin.

1. Calidade da docencia (desde a súa planificación ata o seu desenvolvemento)	1	2	3	4	5	6	7
---	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

2. Correspondencia dos contidos impartidos cos programas dos seminarios	1	2	3	4	5	6	7
---	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

3. Idoneidade das actividades de ensino-aprendizaxe	1	2	3	4	5	6	7
---	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

--

4. Correspondencia do proceso avaliativo cos criterios especificados nos programas	1	2	3	4	5	6	7
--	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

5. Coordinación entre os docentes que imparten cada seminario	1	2	3	4	5	6	7
---	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

6. Carga de traballo dos seminarios	1	2	3	4	5	6	7
-------------------------------------	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

7. Orientación e seguimento do TFM por parte do titor/a asignado	1	2	3	4	5	6	7
--	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

8. Calendario e horarios (duración das clases, descansos, etc.)	1	2	3	4	5	6	7
---	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

9. Xestión da coordinadora do máster	1	2	3	4	5	6	7
--------------------------------------	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

10. Satisfacción global co máster	1	2	3	4	5	6	7
-----------------------------------	---	---	---	---	---	---	---

Explicación e comentarios

11. Grao en que recomendarías a outras persoas que se matriculasen no máster	1	2	3	4	5	6	7
--	---	---	---	---	---	---	---

12. Que tres aspectos, circunstancias, etc. consideras que son os máis salientables (en positivo) do máster:

a/

b/

c/

13. Que tres aspectos, circunstancias, etc. consideras que son os máis salientables (en negativo) do máster:

a/

b/

c/

PROPOSTAS DE MELLORA

--

Amplía a túa exposición tanto como precisas...

Entrega, por favor, este cuestionario cuberto **antes do 15 de abril** no casilleiro da coordinadora do máster (Dra. Belén Caballo). GRAZAS.



**MÁSTER UNIVERSITARIO DE INVESTIGACIÓN EN
EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL E
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO**

**Avaliación do alumnado da 4ª edición do Máster,
curso académico 2012/2013 (abril)**

Datas de aplicación: 5 de abril
Período de recollida de datos: ata o 15 de abril
Cuestionarios entregados: 11
Cuestionarios recollidos: 9

Datos cuantitativos

Ítems	Media (escala de 1 a 7)
1. Calidade da docencia (desde a súa planificación ata o seu desenvolvemento)	5.8
2. Correspondencia dos contidos impartidos cos programas dos seminarios	5.4
3. Idoneidade das actividades de ensino-aprendizaxe	4.9
4. Correspondencia do proceso avaliativo cos criterios especificados nos programas	5.7
5. Coordinación entre os docentes que imparten cada seminario	4.9
6. Carga de traballo dos seminarios	3.7
7. Orientación e seguimento do TFM por parte do titor/a asignado	4.9
8. Calendario e horarios (duración das clases, descansos, etc.)	3.9
9. Xestión da coordinadora do máster	6.7
10. Satisfacción global co máster	6.2
11. Grao en que recomendarías a outras persoas que se matriculasen no máster	4.8

Datos cualitativos (resumo da información obtida)

<p>Ítem 1. Calidade da docencia (desde a súa planificación ata o seu desenvolvemento)</p> <ul style="list-style-type: none"> • En xeral, destacan en positivo a calidade docente (proximidade, dominio da materia, etc.) • Os programas son excesivamente ambiciosos en relación ao tempo dispoñible para desenvolver os contidos. • Cuestiónanse, a nivel de contidos e de metodoloxía docente, algunhas materias.
<p>Ítem 2. Correspondencia dos contidos impartidos cos programas dos seminarios</p> <ul style="list-style-type: none"> • Insístese de novo, e de forma reiterada, na dificultade de desenvolver no tempo dispoñible programas tan ambiciosos.
<p>Ítem 3. Idoneidade das actividades de ensino-aprendizaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> • En xeral, valoran positivamente as actividades desenvolvidas, aínda que botan en falta maior participación e interacción do alumnado nas clases, así como contidos máis "prácticos". • Cuestionan o sentido das actividades formuladas nalgúns materias.
<p>Ítem 4. Correspondencia do proceso avaliativo cos criterios especificados nos programas</p>

- Apuntan a que o tempo real invertido na realización dos traballos encomendados é bastante superior ao que o profesorado estipula.

Ítem 5. Coordinación entre os docentes que imparten cada seminario

- O grao de coordinación varía substancialmente en función das materias.
- Necesidade de incrementar a coordinación entre os seminarios que forman parte dun mesmo módulo.

Ítem 6. Carga de traballo dos seminarios

- Problemas na distribución da carga de traballo, sobre todo no 2º cuatrimestre (no que se centran máis no TFM).
- Excesiva no caso de materias que encargan moitas pequenas tarefas a modo de prácticas, que dispersan en relación ao traballo avaliativo central.
- Excesiva no caso das materias semipresenciais.

Ítem 7. Orientación e seguimento do TFM por parte do titor/a asignado

- As valoracións son moi desiguais, en función do titor/a asignado.

Ítem 8. Calendario e horarios (duración das clases, descansos, etc.)

- Excesiva concentración horaria.
- Xornadas lectivas excesivamente longas.
- Falta de concreción dos tempos de descanso no horario.

Ítem 9. Xestión da coordinadora do máster

- Valoracións positivas.

Ítem 10. Satisfacción global co máster

- En xeral, a valoración é positiva, aínda que algúns indican que a adquisición de recursos e destrezas para a investigación foi menor da esperada.

12. Que tres aspectos, circunstancias, etc. consideras que son os máis salientables (en positivo) do máster: (síntese dos aspectos máis reiterados)

- O profesorado, a súa profesionalidade, implicación e a calidade docente.
- A variedade de contidos e temáticas abordadas.
- A heteroxeneidade na procedencia formativa do alumnado.
- A avaliación baseada, fundamentalmente, en traballos orientados á investigación (non en exames).
- A posibilidade de realizar un traballo tutorizado (TFM) que especializa nun ámbito.

13. Que tres aspectos, circunstancias, etc. consideras que son os máis salientables (en negativo) do máster: (síntese dos aspectos máis reiterados)

- Horarios extensos e prolongados.
- Falta de coordinación nalgúns seminarios.
- Carga de traballo mal distribuída (ou excesiva). Coincidencia de datas de entrega de traballos.
- O cambio de aula os xoves e venres.
- Imposibilidade de realizar prácticas investigadoras, a pesar de ser un máster de investigación.

Propostas de mellora

- Reorganizar os horarios.
- Redución do número de docentes por seminario (4 docentes por seminario resulta excesivo).
- Incrementar a coordinación do profesorado.
- Incrementar as metodoloxías "prácticas" (visitas, videoforums, debates, grupos de discusión...).
- Profundizar nos traballos e na súa continuidade.
- Presentar, ao inicio do curso académico, posibles liñas temáticas para elaborar o TFM, de xeito que o alumnado poida orientar a elaboración dos traballos de cada seminario nesa dirección.
- Impartir a docencia sempre na mesma aula.

- Reorganizar a carga de traballo dos seminarios para facer posible a realización do TFM.
- Posibilitar a realización de prácticas de investigación reais.

Por encargo da Comisión Académica do Máster de investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario reunida o día 15 de maio de 2013, os profesores Diana Priegue, Germán Vargas e Belén Caballo realizan a seguinte proposta:

Constitución dun Grupo coordinador do Máster que, con carácter consultivo e propositivo, poida contribuir a realizar un seguimento e incrementar a calidade do mesmo, incorporando a participación do alumnado.

Denominación

Grupo coordinador do máster

Composición

- Coordinador/a do máster
- 3 representantes do profesorado
- 3 representantes do alumnado (dous elixidos de entre os que estean cursando o máster e o terceiro de entre o alumnado que, tendo finalizado os estudos de máster, está cursando o programa de doutoramento baixo a dirección dun profesor ou profesora do departamento).

Periodicidade

A comisión reunirase, con carácter ordinario, bimensualmente.

Competencias

Competencias de ámbito académico

- Revisión dos programas.
- Promoción de xornadas de investigación ou actividades formativas vinculadas ao máster.
- Impulso de propostas compartidas entre seminarios orientadas a potenciar prácticas e traballos de campo.
- Deseño de propostas de mellora en aspectos referidos a horarios do máster, secuencia das materias, coordinación de traballos, criterios globais de avaliación, unificación de criterios de formato dos traballos requiridos en cada seminario, unificación de criterios no referido ao tratamento da asistencia e inasistencia, actividades complementarias requiridas para o alumnado con exención parcial de docencia, etc.

Competencias de seguimento e mediación

- Realizar un seguimento periódico do desenvolvemento do máster.
- Mediar nos posibles conflitos que poideran xurdir no desenvolvemento do máster.

Competencias de comunicación, difusión e publicacións

- Deseño da campaña anual de difusión do máster
- Activación dos contactos cos medios de comunicación de cara a visibilizar o traballo do máster (nas xornadas, actos de inauguración e clausura, etc.)
- Dinamización da web do máster
- Impulso da publicación de artigos derivados dos TFM de maior calidade.

A proposta resulta aprobada na Comisión Académica do Máster celebrada o 25 de outubro de 2013.